SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE






## Entrevistamos a...



**Benito Blanco**
Xerente de Proxectos en Applus+

*"A evolución da xestión do lixo nos últimos 20 anos foi intensa"*

Ler máis...



**Antonio Aguilar**
Director General de Renfe Mercancías

*"Tenemos un compromiso adquirido con la movilidad sostenible"*

Leer más...

## Mundo SOGAMA




### Sogama recibe o premio "El Suplemento"

**Por segundo ano consecutivo, Sogama recibiu dous galardóns que distinguen a excelente xestión empresarial da compañía pública**

"El Suplemento" recoñeceu o magnífico labor de Sogama na categoría de xestión ambiental, enxalzando o seu bo facer no ámbito industrial, económico e social. Javier Domínguez, presidente da empresa pública, cualificou a distinción de "broche a un 2015 redondo".

Ler máis...

## Actualidade



### Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

- Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe
- Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008
- Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"
- Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas
- Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente
- Bolsas de papel para os socios de APE Galicia
- Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

Ler máis...

## Multimedia

**Premio "El Suplemento"**

**Spot promocional de Sogama**



**Os Trebón queren unha ecocasa!**

**Teatro no Ceip San Xoán Filgueira**

**Vídeo didáctico da Cewep**

Ler máis...

## Eventos

- Congreso de FER
- Xogo itinerante "Un partido polo planeta"
- Feira Ecogalia
- Cervo Respecta 2016



- Xornada europea de limpeza de espazos públicos
- Reciclaxe no Camiño de Santiago
- Efemérides ambientais

Máis eventos...

## Receitario



### *Que comes hoxe?*

- Hamburguesas de mijo e boniato

¿Buscas un prato lixeiro e diferente para as túas ceas de verán? Pois proba a cociñar estas ricas hamburguesas tamén aptas para celíacos e veganos.

Ver receita...

Síguenos en...

www.sogama.es

XUNTA DE GALICIA

© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Entrevistamos a...



**Benito Blanco**

Xerente de Proxectos sobre Consultoría e Inspección de Residuos en Applus+

## *"Os concellos deben ver a xestión do lixo como unha oportunidade para medrar na sustentabilidade"*

**Dende 1998, o desempeño profesional de Benito Blanco estivo estreitamente ligado aos residuos, liderando e dirixindo múltiples proxectos. En 2015, constituíu o Laboratorio de Ideas sobre Residuos (LIR) desde o que facilitar á sociedade elementos para a información, a análise e a opinión sobre un sector cada vez máis complexo. Coas directivas nacional, europea e autonómica como folla de ruta, asegura que as solucións para optimizar a xestión do lixo non son complicadas. Só hai que implicar á veciñanza para producir menos e mellor, e personalizar o modelo que se aplica en cada concello.**

**Dende o seu coñecemento e experiencia, que fotografía faría da evolución da xestión do lixo nos últimos 20 anos?**
Xusto cando daba os meus primeiros pasos nisto, estábase a implantar a recollida selectiva de envases en Galicia e tivemos a oportunidade de dinamizar as experiencias piloto que eran básicas para obter uns primeiros indicadores de xestión. Agora, case dúas décadas despois, estamos a actualizar a información sobre a xeración e a composición dos residuos municipais para que a tarefa de planificación futura se axuste á realidade actual.

*"A complicidade da veciñanza e a contención do gasto público son fundamentais na xestión dos residuos"*

Entre estes dous momentos houbo un percorrido intenso. En Galicia, por exemplo, pasamos de depender dun sistema baseado no vertedoiro a outro harmonizado e consecuente coas directrices legais. Pero, aparte de novas infraestruturas de tratamento, obxectivos concretos de recuperación ou a aplicación de taxas á poboación, entre outros parámetros, non debemos esquecer que a xente mudou como sociedade e agora atende a patróns de benestar e consumo diferentes. A partires disto, a responsabilidade que se nos propón é reverter esta tendencia para o futuro inmediato. E iso, sen dúbida, afectará á produción e xestión de residuos.

**A xestión do lixo é unha competencia municipal. Con que limitacións din atoparse os concellos á hora de incorporar a sustentabilidade a esta xestión?**
O condicionante fundamental son os recursos, sobre todo técnicos e humanos. A realidade municipal galega, rural e atomizada, dispón de escasas posibilidades de planificación, control e intervención, polo que en moitos casos deixa esta tarefa ás concesionarias dos servizos ou, no peor dos casos, non as exerce.
Tendo en conta o enorme gasto que pode supoñer para un concello a xestión do lixo, esta debería ser unha cuestión primaria na política municipal, pero adoita percibirse como unha situación "necesaria" e polo tanto, con poucas posibilidades de mellora. É

SEGUIR LENDO....

**Entrevistamos a...**
**Antonio Aguilar**
Director General de Renfe Mercancías

**Mundo SOGAMA**
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

**Actualidade**
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Entrevistamos a...

dicir, non se interioriza como un problema a resolver nin como unha oportunidade para medrar na sustentabilidade.

> "O Laboratorio de Ideas sobre Residuos (LIR) facilita á sociedade información, análise e opinión sobre este cada vez máis complexo mundo"

**E por onde deberían pasar as solucións?**
O camiño non ten que ser complicado. Non se debe perder o obxectivo principal de producir menos e mellor, adaptando os modelos ás necesidades e posibilidades locais. Resulta fundamental a complicidade da veciñanza e a contención do gasto. Hai elementos de sinxela aplicación como son unha boa planificación da prestación do servizo, integrar prácticas para xerar menos lixo a través da compostaxe doméstica, fomentar as contornas colaborativas para o aproveitamento de materiais e, sobre todo, concienciar á poboación para a súa integración plena no sistema.
A partires de aí, mancomunar servizos con concellos veciños ou definir modelos tarifarios axustados serían opcións a valorar dentro da lóxica dunha xestión sustentable.

**Que é o Laboratorio de Ideas sobre Residuos e cales son os seus obxectivos?**
O LIR é unha iniciativa dun grupo multidisciplinar procedente do mundo da empresa, do sector TIC, da formación e da información, todos ligados ao ámbito do medio ambiente, e especialmente, á xestión dos residuos.
Esta iniciativa configúrase como un lugar de encontro para fomentar a reflexión, o debate e a formación do sector dende un punto de vista obxectivo a partires de datos e feitos concretos e comprobables. A súa meta é facilitar á sociedade elementos para información, análise e opinión sobre o cada vez máis complexo mundo dos residuos.

> "O PEMAR, o paquete europeo de economía circular e as adaptacións do PXRUG son a base para calquera actuación nos próximos anos"

**Plan Estatal Marco de Residuos (PEMAR) 2016-2022 e novo paquete europeo de economía circular (PEC). Cales son as achegas máis salientables de ambos os dous documentos?**
Dende logo, conforman un novo escenario ao que teremos que atender. Dunha parte, o PEMAR define uns obxectivos e liñas de actuación que van en consonancia coas políticas actuais, de acordo aos diferentes fluxos de residuos. Establece as necesidades de actuación inmediata, tanto no relativo ao cumprimento legal como a acadar os compromisos de xestión necesarios.
Pola súa banda, o PEC incorpora, en canto á xestión dos residuos, uns obxectivos moi ambiciosos e que, antes ou despois, terán que asimilar tanto as políticas nacionais como as rexionais. Estes mesmos superan aos do PEMAR e requirirán dun esforzo colectivo moito maior, valorando tamén a necesidade dun cambio a nivel produtivo e de consumo.
Sen dúbida, estes dous marcos, ademais das necesarias adaptacións do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG), configurarán a base de referencia para calquera actuación en residuos nos próximos anos.

**Avanzamos na senda da economía circular?**
Enténdese que o actual modelo de economía lineal está obsoleto e hai que avanzar cara a outros propósitos máis responsables no eido da utilización responsable de recursos, o seu aproveitamento e a minimización. Xa hai territorios europeos que o contemplan, como por exemplo Amsterdam, a partires dun modelo local adaptado á súa realidade.
Nós temos que mudar moitas cousas aínda, e tendo en conta o que sinalaba anteriormente: a realidade galega, a súa estrutura e as características particulares. Calquera actuación deberá de basearse nunha estratexia común, valorando posibilidades e a súa repercusión tanto na economía como na sustentabilidade ambiental. Paso a paso.

SEGUIR LENDO...


**Entrevistamos a...**
Antonio Aguilar
Director General de Renfe Mercancías

**Mundo SOGAMA**
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

**Actualidade**
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**


Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Perfil profesional



Benito Blanco desenvolve a súa actividade profesional na consultora Applus+ dende 1998, desempeñando actualmente o cargo de Xerente de Proxectos sobre Consultoría e Inspección de Residuos no Departamento de Calidade e Medio Ambiente Galicia. É membro dos Comités Técnicos de Normalización 301: Combustibles Sólidos Recuperados e 134: Xestión residuos sólidos e asimilables a urbanos, industriais y especiais. En 2015 constitúe o Laboratorio de Ideas sobre Residuos (LIR), no que participan membros das empresas Applus+ e Teimas Desenvolvemento, o Instituto Superior del Medio Ambiente (ISM) e do portal Residuos Profesional.

SUBIR

### Entrevistamos a...
**Antonio Aguilar**
Director General de Renfe Mercancías

### Mundo SOGAMA
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

### Actualidade
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Entrevistamos a...



**Antonio Aguilar Mediavilla**

Director General de Renfe Mercancías

## *"El uso del ferrocarril reduce la huella de carbono de Sogama"*

**En marzo, Sogama adjudicaba a la UTE Renfe-Logirail-Copasa el nuevo contrato para el transporte combinado de residuos urbanos a fin de incrementar el uso del tren como medio de transporte con menor impacto ambiental. Las cifras a un plazo vista de 10 años son muy favorables. El traslado sobre raíles de 3.750.000 toneladas ahorrará unas 22.300 toneladas de emisiones de $CO_2$ y unos 800.000 litros de gasoil. Rentabilidad y sostenibilidad van de la mano en este nuevo contrato público-privado que se define, además, como un ejercicio de responsabilidad social acorde con los valores empresariales de Renfe.**

**¿Cuáles son los objetivos establecidos en este nuevo contrato?**
Renfe Mercancías presta en la actualidad un servicio de transporte por ferrocarril bajo los principios de calidad, seguridad, rentabilidad e innovación. En este sentido, esta adjudicación supone para Renfe tres objetivos fundamentales que están en consonancia con su actividad empresarial: el incremento de la cuota de mercado en el transporte de mercancías por ferrocarril, el compromiso con el medio ambiente como medio de transporte sostenible y la colaboración público-privada.

*"Cada semana, 6 trenes con una carga de 9.000 toneladas de residuos recorren cerca de 150 km hasta Cerceda"*

**¿Cuáles son las claves sobre las que se ha trabajado?**
Sogama, a través de la experiencia que le otorga llevar gestionando este contrato desde hace muchos años, ha sabido interpretar perfectamente cuáles debían de ser las claves necesarias para la gestión del transporte de residuos en Galicia. Las claves han sido buscar una logística coordinada y eficiente entre el ferrocarril y la carretera optimizando y aprovechando al máximo los recursos a su disposición. El ahorro de la huella de carbono en Galicia a través del uso predominante del ferrocarril es el resultado que Sogama ha conseguido a través de este nuevo contrato.

**¿Qué valoración hacen del nuevo servicio desde su puesta en marcha?**
Los datos son favorables, ya que este servicio permite doblar la cuota de transporte por ferrocarril de residuos en Galicia, pasando del 25% inicial al 55%.
Las estimaciones de toneladas transportadas durante la vigencia del contrato rondan las 3.750.000 en 10 años. La novedad es la inclusión de la Terminal de Mercan-

SEGUIR LEYENDO....

## Entrevistamos a...
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+

## Mundo SOGAMA
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

## Actualidade
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

cías de Lugo dentro la red de transporte de residuos por ferrocarril en su ámbito de influencia.

**¿Cuántas toneladas diarias de basura se mueven actualmente en Galicia por ferrocarril, cómo organizan los traslados y con qué infraestructuras cuentan para ello?**
Todo el proceso logístico lo desarrollamos en Galicia y consiste en que cada semana 6 trenes, cada uno con 14 plataformas y 28 contenedores, recorren unos 150 km, dependiendo de la estación de origen del tren, transportando un total de unas 9.000 toneladas de residuos urbanos semanales.



Área de descarga no complexo industrial de Sogama en Cerceda

Para la carga y descarga de los contenedores utilizamos diferentes tipos de grúas dependiendo de las instalaciones de cada una de las terminales: Lugo, Taboadela (Ourense) y Vigo; con destino. Una vez cargados, los trenes se desplazan hasta el complejo medioambiental de Cerceda (A Coruña).
Renfe dispone de instalaciones automatizadas para el lavado, tanto de las plataformas como de los contenedores, ya que al tratarse de un transporte de residuos se hace absolutamente necesario mantener el material en condiciones óptimas de limpieza.

**¿Qué beneficios ambientales traerá consigo este contrato, especialmente en relación a las emisiones de $CO^2$?**
Renfe lleva años trabajando para reducir las emisiones al mínimo posible en nuestra operativa diaria, ya que rentabilidad y sostenibilidad tienen que ir de la mano. Con este contrato, en Galicia se cumple este doble objetivo. El ahorro de 22.300 toneladas de emisiones de $CO^2$ y de 800.000 litros de gasoil cada año durante una década supone para nosotros un compromiso y una responsabilidad social acorde con nuestros valores como empresa.

**¿Qué papel juega el tren en la movilidad sostenible?**
El tren es el medio de transporte que presenta un menor impacto ambiental porque es el medio que menos energía consume por unidad transportada, presenta unos menores niveles de CO2, y es el que menos contribuye a la contaminación local en las áreas urbanas y genera un menor impacto acústico. Tenemos un compromiso adquirido con la movilidad sostenible que ha permitido reducir la huella de carbono de Renfe en un 58 por ciento respecto a la existente en 1990 que es al año base del Protocolo de Kioto. En ese año la cifra era de 46,56 gr CO2/UT; en 2014 la huella de carbono de Renfe por unidad transportada fue de 19,60 gr. de CO2 de emisión unitaria, cuando el objetivo para una cifra cercana, menos de 20 gr., se había planteado para 2020.

*"La empresa adjudicataria del contrato, Ecocargo UTE, está realizando un plan de inversiones de más de 4 millones de euros"*

Todavía tenemos margen de mejora, y por ello Renfe ha firmado un acuerdo de colaboración con Adif (Administrador de Infraestructuras Ferroviarias, Ministerio de Fomento), para que el suministro de energía proceda fundamentalmente de fuentes renovables.

**El contrato con Sogama regirá por 10 años, ¿cuentan con algún plan de inversiones que permita optimizar las prestaciones de la UTE a medio y largo plazo?**
Ecocargo UTE, empresa adjudicataria del contrato, está realizando un plan de inversiones de más de 4 millones de euros en el que destacan la adquisición de nuevos contenedores, el acondicionamiento del ramal ferroviario, el sistema de pesaje, el sistema de lavado de contenedores, la depuración de las aguas de lavado, así como un software de gestión de rutas, entre otros.

SEGUIR LEYENDO....

Entrevistamos a...
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+

Mundo SOGAMA
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

Actualidade
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Perfil profesional



Antonio Aguilar Mediavilla es licenciado en Arquitectura por la Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid. Arquitecto del Departamento de Obras Públicas, Ordenación del Territorio y Medio Ambiente del Gobierno de la Comunidad Autónoma del País Vasco desde 1993 a 1999. Desde junio de 1999 a octubre de 2005 ocupó el cargo de Diputado Foral del Departamento de Obras Públicas y Urbanismo de la Diputación Foral de Álava.
En mayo de 2012 fue nombrado Director de División de Organización de Feve, y en septiembre de ese mismo año, Presidente.
Actualmente, es Presidente de Comercial del Ferrocarril, S.A. (COMFERSA) desde enero de 2013, donde también desempeñó las funciones de Director General hasta enero de 2014, fecha en la que asumió, además, las responsabilidades de su nuevo cargo como Director General de RENFE Mercancías, S.A.

SUBIR

**Entrevistamos a...**
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+

**Mundo SOGAMA**
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

**Actualidade**
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

Mundo SOGAMA

# Sogama recibe o premio "El Suplemento" pola súa excelente xestión empresarial

**É a segunda distinción que a empresa pública recibe en menos dun anos tras recoller o "Cantábrico Excelente 2015"**




**Isidro García, Director Xeral, e Javier Domínguez, Presidente de Sogama**

O Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), Javier Domínguez Lino, recolleu a principios de maio en Madrid o premio "El Suplemento" que recoñece o magnífico labor da empresa pública na categoría de xestión ambiental e enxalza o seu bo facer, tanto desde a dimensión industrial como económica e social.

Durante o seu discurso, Domínguez Lino agradeceu e definiu o premio como o "broche a un 2015 redondo", período no que a compañía acadou máximos históricos de eficiencia. Tomando como referencia 2008, Sogama tratou case un 28% máis de residuos no seu complexo, reduciu nun 55% o uso do vertedoiro e incrementou a produción de enerxía en preto dun 30%. O máximo responsable de Sogama tamén tivo palabras de agradecemento para os accionistas (Xunta de Galicia e Grupo Gas Natural), para a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, para o Director Xeral da empresa, Isidro García Téllez, e para os traballadores.

Entre as razóns polas que o xurado decidiu outorgar este premio á compañía pública, están a súa decidida aposta pola mellora medioambiental, o continuo traballo na innovación e optimización dos procesos, a concienciación ambiental da poboación,... Tamén os proxectos de futuro tiveron un importante peso neste recoñecemento. En todo caso, o conxunto de accións avalan o que podería cualificarse como "excelente xestión empresarial", caracterizada en todas as súas facetas pola sostibilidade.

**Expansión**

Consciente de que aínda queda moito traballo por facer e moitos proxectos por desenvolver, Javier Domínguez anunciou que Sogama aborda unha etapa de expansión caracterizada por novos horizontes e novos retos. Así mesmo, mostrouse convencido de que o traballo ben feito, responsable e rigoroso terá a súa recompensa: "un futuro esperanzador para a nosa Comunidade".

O premio "El Suplemento" únese ao recibido o ano pasado baixo a denominación "Premio Cantábrico Excelente 2015".

SUBIR


## Entrevistamos a...

**Benito Blanco**
Xerente de Proxectos en Applus+

**Antonio Aguilar**
Director General de Renfe Mercancías

## Actualidade

Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

Volver á páxina de inicio




© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade




A conselleira de Medio Ambiente, Beatriz Mato, inaugurou o evento

## Sogama aposta por un futuro baseado na economía circular

### A empresa pública organizou en Pontevedra unha xornada sectorial para conmemorar o Día do Medio Ambiente

"Ninguén sobra. Todos somos necesarios para avanzar no camiño da sostibilidade e garantir os seus beneficios para á consecución dun mundo mellor", aseverou o Presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, na clausura da xornada "Galicia, na senda da economía circular" coa que a empresa pública adiantou a celebración do Día do Medio Ambiente (5 de xuño). A inauguración correu a cargo da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato.

No marco deste evento, que tivo lugar o venres 3 de xuño na sede de Afundación en Pontevedra, expertos de alto nivel e máis de cen asistentes, na súa maioría técnicos dos concellos da provincia, profundizaron no concepto de economía circular e as súas implicacións para o desenvolvemento sostible da nosa comunidade. Neste sentido, as intervencións dos relatores abordaron temáticas relacionadas coa correcta xestión dos residuos urbanos tales como o Plan Estatal Marco de Residuos (PEMAR) 2016-2022, os instrumentos de financiamento comunitario, o Plan Galego de Xestión de Residuos Urbanos 2010-2020, a compostaxe, a valorización enerxética da parte non reciclable dos residuos, os novos investimentos de Sogama e os retos aos que se deben enfrontar os municipios para levar a cabo unha correcta xestión do seu lixo.

**Nova etapa**

Pola súa banda, o máximo responsable da compañía pública mostrouse convencido de que a xestión dos residuos urbanos adéntrase nunha nova etapa marcada pola economía circular, un concepto que podería traducirse en "facer máis con menos". Referiuse ao 2015 como un ano clave no que se puxeron os cimentos para avanzar na xestión sostible dos refugallos urbanos, xa que se produciron tres acontecementos relevantes: o Relatorio de Estudo do Senado, a aprobación do PEMAR 2016-2022 e a aprobación do novo Paquete Europeo de Economía Circular.

**Que é a Economía Circular?**
Este concepto baséase en utilizar os recursos dunha forma máis intelixente e sostible e en impulsar a transición dende unha economía lineal ("producir, consumir e tirar") a unha circular ("tirar e usar"). A prevención é unha medida prioritaria.

Programa da xornada "Galicia, na senda da economía circular"

SUBIR

**Entrevistamos a...**
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+

Antonio Aguilar
Director General de Renfe Mercancías

**Mundo SOGAMA**
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

**Actualidade**
Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# OPINIÓN
## 17 de maio, Día Internacional da Reciclaxe



**Javier Domínguez Lino**
Presidente de Sogama

### *"Reciclemos o presente para ter futuro"*

Unha xornada como a que representa o Día Internacional da Reciclaxe pode ser unha excelente oportunidade para reflexionar sobre o que aportamos ou estamos dispostos a aportar ao medio ambiente. Afeitos a exprimir ao máximo os seus recursos, o noso Planeta dixo basta. O cambio climático, que xa ninguén se atreve a cuestionar, constitúe un dos maiores expoñentes do paulatino proceso de deterioro ao que a nosa contorna se viu abocada debido á acción humana. Pero vimos a luz. O Acordo, global e histórico, alcanzado no Cumio de París o pasado mes de decembro, e que foi avalado por 195 países co obxectivo de diminuír as emisións de $CO_2$ e limitar o aumento da temperatura da Terra a menos de 2ºC, conta con importantes aliados como é o caso de Estados Unidos e China, dous dos países máis contaminantes.

Neste contexto, resulta evidente que os residuos, consecuencia inevitable do noso modo de vida, tamén formaron parte desa evolución (ou involución) do home, constituíndo a día de hoxe un dos maiores desafíos medioambientais aos que debemos facer fronte. Para solventar un problema destas características, resulta tamén evidente que non caben fórmulas máxicas nin apócemas milagrosas, tampouco grandes ecuacións ou algoritmos, nin moito menos ideas improvisadas de dubidoso fin.

*"Na xestión sostible dos residuos urbanos non caben pócemas milagrosas, senón que se require grandes doses de sentido común"*

A xestión sostible dos residuos urbanos require, por riba de todo, corresponsabilidade, sensatez, concienciación, educación, innovación e grandes doses de sentido común. E o labor do cidadán resulta indispensable no novo marco de economía circular, aquela na que os residuos se converten en recursos de utilidade, evitando o consumo irracional dos mesmos.

Porque a economía lineal da que aínda somos vítimas, marcada polas pautas de usar e tirar, debe dar paso a unha circular na que se contemple o ciclo de vida dos produtos, desde que se deseñan ata que se fabrican, se comercializan, se consumen e se transforman. Todo vira, todo se aproveita, nada se desperdicia. E neste entramado, a reciclaxe cumpre unha función esencial. Pero para que sexa viable, faise necesario contar coa participación dos cidadáns a través da correcta separación dos residuos en orixe e posterior depósito dos mesmos nos contedores axeitados. Só así poderán chegar a ter unha nova vida, e só así contribuiremos ao aforro de enerxía e materias primas.

SEGUIR LENDO...

**Entrevistamos a...**
**Benito Blanco**
Xerente de Proxectos en Applus+

**Antonio Aguilar**
Director General de Renfe Mercancías

**Mundo SOGAMA**
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

**Actualidade**
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

Facilitar o reciclado dos refugallos é o gran obxectivo de Sogama, de aí o proxecto de ampliación das súas instalacións, co que se posibilitará a recuperación dos envases contidos no lixo en masa, á vez que se diminuirá o vertido. O éxito reside na complementariedade de sistemas. Reciclaxe, compostaxe e valorización enerxética deben ir da man. Así o establece Europa e así o demostraron os países máis avanzados e comprometidos polo medio ambiente. Dicir o contrario é negar a evidencia, só xustificable ante unha pretensión que non sexa a eminentemente medioambiental.

> *"Reciclémonos para afrontar a realidade con valentía e dar solución a un problema do que todos somos responsables"*

Reciclémonos para afrontar a realidade con valentía e tomar decisións coherentes que nos permitan dar solución, máis aló de preferencias persoais e/ou ideolóxicas, a un problema do que todos somos responsables. Reciclémonos para ser capaces de tomar conciencia da situación e actuar en consecuencia. Reciclémonos para gozar dun maior benestar e calidade de vida. Pero, sobre todo, reciclémonos para deixar un mellor futuro aos nosos fillos.

SUBIR


## Entrevistamos a...

**Benito Blanco**
Xerente de Proxectos en Applus+

**Antonio Aguilar**
Director General de Renfe Mercancías

## Mundo SOGAMA

Sogama recibe o premio "El Suplemento"

## Actualidade

Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

Volver á páxina de inicio




' SOGAMA | Aviso legal

Morz s, 10 baixo • 15187 San RomÆn • Encrobas - Cerceda (A Coruæa) • Tlf.: 981 698 500 • Fax: 981 686 064 • cmc@sogama.es

# Máis de 190.000 toneladas de residuos xestionados en Sogama desde 2008 cobran unha segunda vida

## Os residuos de envases enviados a reciclar pola compañía nos últimos 8 anos procedían do contedor amarelo e do verde convencional

Entre os anos 2008-2015, Sogama remitiu á industria recicladora 192.069 toneladas de residuos de envases. Deste total, 81.635 (42,5%) procedían da recollida selectiva do contedor amarelo, e as 110.434 toneladas restantes (57,5%), do recipiente verde convencional, destinado a acoller o lixo en masa.

O obxectivo da entidade a medio prazo é incrementar as cifras de reciclado nun mínimo do 30%. A isto contribuirá a posta en marcha, no complexo medioambiental de Cerceda, dunha planta específica para a recuperación dos envases plásticos e de papel/cartón contidos no residuo xenérico, toda vez que o aceiro, aluminio e vidro xa se veñen clasificando desde hai varios anos.

### Compostaxe industrial

Así mesmo, a entidade tamén porá en marcha unha planta de compostaxe industrial na que se procesarán unhas 15.000 toneladas anuais de materia orgánica xerada por grandes produtores tales como mercados, hostalería, centros comerciais, etc. De forma paralela, a compañía intensificará, da man da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, as súas campañas de concienciación social.




Veciños do municinipio de Miño durante a visita ás instalacións de Sogama en Cerceda

Entrevistamos a...
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+

Antonio Aguilar
Director General de Renfe Mercancías

Mundo SOGAMA
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

Actualidade
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Reconecemento á banda sonora do spot de Sogama

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio

SUBIR



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# A reciclaxe máis solidaria

## A gañadora do concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte" doou o importe económico do premio á ONG "Aldeas Infantiles"


Primeiro premio: "Alixo de esperanza"

A obra "Alixo de esperanza", de Mª Esperanza González Doniz, natural de Ourense, fíxose co primeiro premio do concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte", promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama para conmemorar do Día Internacional da Reciclaxe (17 de maio). A galardoada renunciou ao premio e pediu que o importe económico equivalente (240€) fose ingresado na conta da ONG "Aldeas Infantiles".

Cunhas medidas de 2,87 por 1,85 metros, na peza que representa o *skyline* dunha cidade. Nela, Mª Esperanza González reutilizou todo tipo de residuos tales como envases de plástico, caixas, bandexas de porexpán e macetas, cartuchos de impresora, tapóns, cristais, espellos, rotuladores e diversos utensilios escolares fóra de uso, un walkman, altofalantes, luces de Nadal,… evidenciando as múltiples posibilidades que ten o aparentemente inservible.

O segundo premio (180€) foi para o traballo "Portalápices", de Raquel Álvarez Pérez, de Monforte de Lemos (Lugo); e o terceiro recaeu na obra "Volkswagen escarabajo", de María del Carmen Guerner Fernández.

### O valor dos refugallos

As tres galardoadas coincidiron en sinalar a necesidade de fomentar a reciclaxe e protexer o medio ambiente, convencidas da posibilidade de fabricar cousas útiles a partir de residuos, minimizando a pegada ecolóxica e aforrando cartos.

As fotos das obras candidatas foron enviadas a través das redes sociais de Sogama (Twitter e Facebook).




Obras gañadoras do segundo e do terceiro premio

SUBIR

Entrevistamos a…
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+

Antonio Aguilar
Director General de Renfe Mercancías

Mundo SOGAMA
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

Actualidade
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es



En torno a 80 vivendas unifamiliares adheríronse ao programa de compostaxe

# Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas incorpóranse á compostaxe doméstica

## Sogama leva repartido na provincia de Pontevedra máis de 1.600 composteiros entre as 56 entidades adscritas ao seu programa

En torno a 80 vivendas unifamiliares de tres municipios de Pontevedra (Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas) comezaron a fabricar compost a partir da materia orgánica xerada nos fogares. O único requisito para participar no programa é dispoñer de terreo (horta, xardín ou terras de cultivo) no que usar este abono natural orgánico.

A empresa pública subministrou aos entes locais composteiros de 340 litros de capacidade cada un, nos que terá lugar a fermentación controlada dos restos orgánicos co fin de obter un abono natural de calidade que cumpra cos requisitos impostos pola normativa vixente para ser aplicado na agricultura sen restricións.

De cara a garantir o correcto desenvolvemento do programa, técnicos ao servizo de Sogama imparten aos participantes formación presencial e entréganlles manuais específicos nos que se describe a técnica, se resolven dúbidas e erros comúns. A continuación, o persoal municipal visita casa por casa para comprobar o traballo desenvolvido polas familias e resolver posibles incidencias.

Na actualidade, unhas 56 entidades da provincia de Pontevedra (29 concellos e 27 colectivos sociais e centros escolares) atópanse adscritas ao programa de Sogama, tendo repartido entre as mesmas máis de 1.600 composteiros.

Visita a nova web da compostaxe doméstica de Sogama

SUBIR

Entrevistamos a...
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+

Antonio Aguilar
Director General de Renfe Mercancías

Mundo SOGAMA
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

Actualidade
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# O Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente interésase polo modelo Sogama

## Brahim Mojtar foi recibido polo Presidente e o Director Xeral da empresa pública no complexo medioambiental de Cerceda

O Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente, Brahim Mojtar, visitou a finais de abril o complexo medioambiental de Cerceda para coñecer de primeira man a súa actividade industrial e o seu papel na xetión dos residuos urbanos producidos na meirande parte do territorio galego. O cargo público entrevistouse co Presidente de Sogama, Javier Domínguez, e o Director Xeral, Isidro García, os cales lle explicaron a filosofía de xestión de Sogama e os proxectos de futuro da empresa pública.

### Outras visitas

No mes de xullo, outras visitas destacadas foron as de membros do Club Financeiro de Vigo, alumnos do Centro Universitario da Defensa da Escola Naval Militar de Marín (Pontevedra) e máis dun cento de veciños de distintos concellos pertencentes á Mancomunidade do Ribeiro (Ourense).

O programa das visitas adoita incluír unha charla inicial sobre o cometido de Sogama á que segue un percorrido guiado polas instalacións que conforman a infraestrutura central da compañía pública.

Ao finalizar, os interesados poden cumprimentar, de forma totalmente anónima, unha enquisa de satisfacción a través da cal deixan constancia das súas impresións.






O Ministro saharaui (drta.) durante a visita a Sogama, e na foto inferior, alumnos do Centro Universitario da Defensa da Escola Naval Militar de Marín (Pontevedra)

Queres coñecer as instalacións de Sogama?
Solicita aquí a túa visita

SUBIR

Entrevistamos a...
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+

Antonio Aguilar
Director General de Renfe Mercancías

Mundo SOGAMA
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

Actualidade
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

Actualidade

# Sogama contribúe á sostibilidade dos autónomos e pequenas empresas galegas

## APE Galicia distribúe entre os seus asociados 10.000 bolsas de papel ecolóxico aportadas pola compañía pública"




Bolsas repartidas por APE Galicia

Coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño), a Asociación de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE Galicia) distribuíu entre as 140 entidades profesionais socias 10.000 bolsas de papel ecolóxico cedidas por Sogama.

O principal obxectivo da iniciativa foi concienciar a comerciantes e consumidores sobre o negativo impacto ambiental que ten o uso indiscriminado de bolsas plásticas non biodegradables.

APE Galicia recorda que o 90% das empresas galegas están xestionadas por autónomos, polo que, sostén, introducindo o concepto de sostibilidade deste xeito, os seus procesos de xestión serán máis eficientes e respectuosos co medio ambiente. Por estensión, sinalan, a cidadanía tamén gozará dun maior benestar e calidade de vida.

### Data de desaparición

En España, a Lei 22/2011 de Residuos e Solos Contaminados establece un calendario para a progresiva substitución das bolsas de plástico non biodegradables. En 2018 estará prohibido o seu uso, exceptuando as que se usan para gardar carne e peixe.

SUBIR

Entrevistamos a...
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+

Antonio Aguilar
Director General de Renfe Mercancías

Mundo SOGAMA
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

Actualidade
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Recoñecemento internacional para a banda sonora de Sogama

## O autor, o mozo Daniel Díaz, gañou a XI Edición dos premios Jerry Goldsmith Awards na categoría de publicidade

Daniel Díaz, socio da firma audiovisual lucense 60 Ráfagas e autor da banda sonora do spot promocional de Sogama, foi un dos premiados na XI Edición dos Premios Internacionais Jerry Goldsmith Awards, na categoría de publicidade. O título da peza gañadora é "Non permitas que o planeta que coñeces se converta nun recordo". A composición musical do spot, unida á secuencia de imaxes sobre contornas naturais únicas, conseguiu que o vídeo esperte a sensibilidade da poboación en torno á necesaria protección do medio ambiente, propiciando que esta se mostre proclive a ser parte activa na mesma.

A entrega dos premios tivo lugar o 1 de xullo no Museo Ruso de Málaga.




Ver o spot promocional de Sogama aquí


## Entrevistamos a...

**Benito Blanco**
Xerente de Proxectos en Applus+

**Antonio Aguilar**
Director General de Renfe Mercancías

## Mundo SOGAMA

Sogama recibe o premio "El Suplemento"

## Actualidade

Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

## Multimedia

## Eventos

## Receitario


SUBIR

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Multimedia

## Javier Domínguez, presidente de Sogama, agradece o premio “El Suplemento”




Escoita o discurso de agradecemento do presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, durante o acto de entrega do premio “El Suplemento” a principios de maio pasado en Madrid.

Ver vídeo...

## Spot promocional de Sogama




Ver vídeo...

SUBIR

**Entrevistamos a...**

**Benito Blanco**
Xerente de Proxectos en Applus+

**Antonio Aguilar**
Director General de Renfe Mercancías

**Mundo SOGAMA**

Sogama recibe o premio “El Suplemento”

**Actualidade**

Xornada “Galicia, na senda de economía circular”

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do “Recicla as túas ideas e convérteas en arte”

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

Multimedia

## Planeta Verde: A ecocasa



Sabes o que é unha ecocasa? Unha vivenda pensada para que a vida diaria sexa o máis respectuosa posible coa natureza. Mario e Filipa construírona seguindo os tres R's: reducir, reciclar e reutilizar. As paredes son de madeira, no tellado teñen placas solares e na horta, un composteiro. O resto, se queremos ter unha ecocasa só temos que poñer en práctica ecosenllos moi sinxelos tales como pechar as billas cando lavamos as mans,... e, por suposto, separar o lixo nos colectores de cores!

Ver o 24º vídeo do Planeta Verde....

## A reciclaxe sobe a escea




"Unha viaxe pola reciclaxe" é a última obra de teatro do colexio San Xoán de Filgueira (Ferrol). A peza está protagonizada polos alumnos de 4º, 5º e 6º de Primaria quen, con grandes doses de humor e ironía, contan como se xestionaban os residuos na Prehistoria, Época Romana, Idade Media e Idade Moderna.

Ver aquí a obra de teatro "Unha viaxe pola reciclaxe"

## As vantaxes da valorización enerxética en vídeo

"Se podemos recuperar enerxía dos residuos, non os desperdiciemos", sostén a Confederación de Plantas Europeas de Valorización Enerxética (CEWEP). Esta é unha das mensaxes principais do seu vídeo divulgativo, no que chaman a atención sobre o feito de que gran parte da electricidade consumida en Europa se obtén a través de plantas de tratamento de residuos non reciclables.

Nos países europeos máis avanzados e comprometidos co medio ambiente, a enerxía producida neste tipo de instalacións xera calefacción e luz. Con ela abastécense tranvías, metros e mesmo cidades enteiras. Así, no inverno, a metade da cidade de París, incluíndo o Museo do Louvre, quéntase grazas a tres plantas de recuperación enerxética.

A Asociación Española de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos (AEVERSU), á que pertence Sogama, é unha das entidades adherida á CEWEP (siglas en inglés).

Ver o vídeo aquí

SUBIR

Entrevistamos a...
**Benito Blanco**
Xerente de Proxectos en Applus+

**Antonio Aguilar**
Director General de Renfe Mercancías

Mundo SOGAMA
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

Actualidade
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Eventos

## Salón Nacional da Recuperación e do Reciclado

A Federación Española da Recuperación e a Reciclaxe (FER) celebrou en Madrid (IFEMA) o seu 14º congreso anual os 16 e 17 de xuño xunto co Salón Internacional da Recuperación e a Reciclaxe (SSR), erixíndose na cita máis importante para o sector.

O evento foi unha grande oportunidade para coñecer de preto as inquietudes das entidades vinculadas á recuperación e a reciclaxe, posibilitando un punto de conexión entre empresarios, políticos e expertos de todo o país. En cifras, o sector da reciclaxe xera a día de hoxe en España 30.000 empregos directos e 105.000 indirectos.




## Quince días xogando polo planeta

Tres colexios galegos con gran sensibilidade ambiental, o CPI de Vedra (A Coruña), o CEIP Amaro Refojo de Verín (Ourense) e o Internacional Sek-Atlántico de Poio (Pontevedra) conmemoraron o Día Mundial da Reciclaxe (17 de maio) xogando un "Un partido polo planeta".



Este é o nome do xogo itinerante de Sogama, que ten unha gran carga pedagóxica e lúdica. Nos 15 días que permaneceu en cada centro, o obxectivo perseguido foi informar e formar aos alumnos nas boas prácticas vinculadas ao reciclado e á xestión sostible dos residuos urbanos a través da diversión.

## Concurso de Fotografía Cervo Respecta 2016

O Concello de Cervo (Lugo) entregou os premios correspondentes á sexta edición do seu concurso fotográfico de medio ambiente, na que colaborou Sogama. O primeiro e segundo premio recaeron, respectivamente, nas fotografías do veciño de Xove, Pedro Antonio Vicente Canoura, pola instantánea "Lucecú"; e no de Fuenlabrada (Madrid), Antonio Herrera Huerta, por "Na Praza do Obradoiro". O Top Cervo foi para a veciña de San Ciprián, Consuelo Fra Fernández, coa súa fotografía "Ponte Romana" de Cervo.







SUBIR

**Entrevistamos a...**
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+

Antonio Aguilar
Director General de Renfe Mercancías

**Mundo SOGAMA**
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

**Actualidade**
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

**Multimedia**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Europa vólcase na limpeza de espazos públicos

Durante tres días seguidos, do 6 ao 8 de maio) levouse a cabo a xornada "Let´s Clean-Up Europe!" (¡Limpemos Europa!) para retirar lixo de calquera contorna natural e chamar a atención sobre a necesidade de reducir a inxente produción de residuos e camiñar cara a economía circular. estivo coordinada pola Semana Europea da Prevención de Residuos e cofinanciada polo Programa Life+ da CE.

A finais de mes, do 27 ao 29 de maio, desenvolveuse a campaña "Clean Up the Med" (Limpemos o Mediterráneo) para evidenciar a problemática que os refugallos representan no mar, sendo unha ameaza para os ecosistemas mariños e a integridade dos océanos.

## Stand en Ecogalia




A mediados de maio (12 ao 15), Sogama acudiu cun stand informativo e divulgativo ao primeiro salón Ecogalia en Vigo para dar a coñecer o seu potencial medioambiental.

Ecogalia, que tivo lugar no Instituto Feiral de Vigo (Ifevi), é un encontro sectorial no que se difunden distintos aspectos vinculados á ecoloxía, ao medio ambiente, ás enerxías renovables, á bioconstrución, á sostibilidade e ao benestar e calidade de vida.

## Colas para aprender a reciclar con Sogama

O punto informativo e formativo habilitado por Sogama e a Consellería de Medio Ambiente na Festa de Voz Natura, contou cunha grande afluencia de público interesado en aprender a seleccionar correctamente os residuos para garantir o seu posterior reciclado.

Os educadores medioambientais solventaron dúbidas e corrixiron erros á hora de segregar por tipoloxías os materiais contidos no lixo, e tamén expuxeron as vantaxes da compostaxe doméstica. Ademais dunha aula móbil e dun espazo habilitado para talleres pedagóxicos, os máis pequenos gozaron dun hinchable no que se atopaban representados os contedores de recollida selectiva.

A Festa de Voz Natura tivo lugar o 4 de xuño no parque de Acea da Ama, en Culleredo (A Coruña).



SUBIR

**Entrevistamos a...**
**Benito Blanco**
Xerente de Proxectos en Applus+

**Antonio Aguilar**
Director General de Renfe Mercancías

**Mundo SOGAMA**
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

**Actualidade**
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

**Multimedia**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

Eventos

## Teatro sobre reciclaxe en Ourense

O Auditorio de Ourense acolleu a representación teatral "O Conto Máxico" sobre reciclaxe para conmemorar o Día do Medio Ambiente (5 de xuño). Creada por Pablo Mundillo, e producida pola Compañía de Blanca Marsillach e Varela Producións, o seu obxectivo didáctico era sensibilizar á poboación, especialmente aos máis pequenos, en torno á repercusión das accións humanas sobre a contorna, apelando á necesidade de levar á práctica o principio dos tres erres: Redución, Reutilización e Reciclaxe.




O Mago, as Meigas malvadas, o Lobo e o Heroe son os protagonistas indiscutibles desta tenra historia na que se misturan o mundo real e o mundo dos contos.

## O Camiño de Santiago será máis sostible




O proxecto "Camiño da colaboración. Camiño de reciclaxe" fará máis sostible o Camiño de Santiago. O obxectivo da campaña é impulsar a recollida selectiva nos máis dos 130 albergues do Camiño Francés, o máis concorrido de todos.

En total, repartiranse 480 contedores azuis e amarelos –unha media de catro por albergue, dous de cada cor-, carteis informativos, folletos e guías para os albergueiros, e 28.000 kits de peregrinos (tarxetón de benvida, funda portacredencial, lanyard e lanterna). O proxecto contará cun investimento superior aos 210.000 euros e os albergues participantes recibirán un vinilo acreditativo da súa colaboración. A campaña prolongarase durante a tempada alt. En agosto, repoñeranse materiais e comprobarase a evolución, e, en setembro e outubro, analizaranse os resultados.

## Festa de clausura de "Ecovoz"

Xuño é o mes das festas de fin de curso. O día 10, Javier Domínguez, Presidente de Sogama e a Conselleira de Medio Am-



biente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, compartiron a clausura do 17º "Ecovoz" con escolares e profesores de varios centros educativos galegos.

O evento incluíu o acto de entrega de premios ás escolas gañadoras das distintas seccións educativas deste espazo radiofónico ambiental. O colexio San José da Guía, de Vigo, foi o vencedor do concurso "O Ecopreguntoiro", mentres que "Santa Baia" de Boiro obtivo o premio correspondente á sección de "Ecovídeos". Pola súa banda, o alumno Álex Rey Luna, do colexio "Heroínas de Sálvora de Aguiño", en Ribeira, foi galardoado no apartado de "Ecofotografía".

SUBIR

Entrevistamos a...
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+

Antonio Aguilar
Director General de Renfe Mercancías

Mundo SOGAMA
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

Actualidade
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

Multimedia

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

Eventos



# Efemérides medioambientais

O crecemento da poboación e o aumento das emisións contaminantes son dúas das grandes ameazas que se cernen sobre o clima do planeta. Por iso, o **Día Internacional de Acción do Clima (15 de maio)** quere concienciar á cidadanía sobre a importancia que teñen as nosas accións no cambio climático.

Baixo o lema "O simple aleteo dunha bolboreta pode cambiar o mundo", o **21 de maio** celebrouse o **Día Europeo Rede Natura 2000**, constituída en 1992. Pese aos anos transcorridos, a Rede Natura 2000 non é aínda suficientemente coñecida. De aí que esta celebración pretenda que todos os cidadáns descubran a riqueza dos máis de 27.000 espazos protexidos de Europa.

Tamén en 1992, pero o **22 de maio**, aprobouse o Convenio Internacional sobre a **Diversidade Biolóxica** e para celebralo declarouse Día Internacional co propósito de informar e concienciar á poboación e aos Estados sobre as cuestións referidas á biodiversidade.

Pero se hai unha data estrela no calendario verde desde 1972, esta é o **Día Internacional do Medio Ambiente (5 de xuño)**. Baixo o lema "Go wild for life", a edición de 2016 quixo ser unha chamada de atención para a conservación das especies salvaxes, constituíndo Internet o maior escaparate para o tráfico ilegal das mesmas. Sogama conmemorou esta efeméride coa xornada "Galicia, na senda da economía circular".

Co lema "Océanos sans, Planeta san", o **8 de xuño** celebrouse o **Día Mundial dos Océanos**, verdadeiros pulmóns do planeta, pero para os que a actividade humana representa a súa maior ameaza. Sogama aporta o seu graniño de area na conservación dos nosos océanos, toda vez que a súa actividade industrial contribúe a evitar que os contaminantes cheguen ao mar.

Cara a mediados de mes (**13 ao 17**), a **Semana Europea da Enerxía Sostible** foi unha cita ineludible na configuración dun sistema enerxético seguro, limpo e eficiente. Promovida pola Comisión Europea, o evento tivo lugar en Bruxelas e nos Estados da contorna comunitaria, organizándose actividades de promoción do aforro enerxético e fomento das enerxías renovables.

"Protexer á terra. Restaurar á terra. Involucrar á xente" é o lema co que este ano se conmemorou o **Día Mundial de Loita contra a Desertificación e a Seca (17 de xuño)**. Se as cifras de desertificación e seca son xa alarmantes a nivel mundial, a situación alcanza cotas absolutamente dramáticas en África. España atópase ameazada pola desertificación debido á erosión ou perda de solo fértil. Neste contexto, é urxente fomentar unha conciencia cidadá respecto dos usos responsables da auga e da conservación dos solos, así como en relación á redución das emisións de gases de efecto invernadoiro para mitigar o quentamento global.

SUBIR

Entrevistamos a...
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+

Antonio Aguilar
Director General de Renfe Mercancías

Mundo SOGAMA
Sogama recibe o premio "El Suplemento"

Actualidade
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"

Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe

Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008

Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"

Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas

Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente

Bolsas de papel para os socios de APE Galicia

Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama

Multimedia

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Receitario

## Deliciosa alternativa para as noites de verán



A nosa compañeira Vanesa Rodríguez, que sempre está a argallar novas receitas para facer máis divertidos os seus menús, dounos moita envexa cando nos deu a probar estas fabulosas hamburguesas de mijo e boniato que saen do común. Para quen non lle guste o mijo, pode substituílo por puré de lentellas. Sen dúbida, ¡un saboroso prato estival que tamén é apto para celíacos e veganos!

Se te animas a preparar a receita, ¡cóntanolo no noso Facebook ou Twitter!

## *Hamburguesas de mijo e boniato*

Nivel de dificultade: 1 **2** 3

**CANTIDADES E INGREDIENTES:**

**(4 persoas)**

- 1 vaso de mijo
- 2 boniatos
- 1 dente de allo
- 1 presa de perexil
- Améndoa en pó
- Fariña de quinoa (ou outra, trigo, millo, etc.)
- Aceite de oliva e sal

**ELABORACIÓN**

**Recheo**

- Pelar e cortar os boniatos en cadradiños pequenos e asalos no forno con aceite e sal 30 minutos a temperatura alta.
- Mentres, cocer o mijo con 3 vasos de auga e un chisco de sal. Dourar o allo en láminas nunha tixola con aceite, engadir o perexil e trituralo todo.
- Co boniato xa asado, facer o puré, e engadirlle a allada co perexil, o mijo e a améndoa. Mesturar todo ben ata que a masa teña unha consistencia bastante espesa.
- Darlle forma ás hamburguesas coas mans e pasalas por fariña de quinoa (ou outra).
- As hamburguesas pódesen facer na tixola ou no forno. No primeiro caso, verter un chorro de aceite nunha tixola que non se pegue e cando estea quente, facelas á prancha.

**Presentación**

- Servir acompañadas dunha boa ensalada de leitugas de tempada.

SUBIR

Entrevistamos a...
Benito Blanco
Xerente de Proxectos en Applus+
Antonio Aguilar
Director General de Renfe Mercancías
Mundo SOGAMA
Sogama recibe o premio "El Suplemento"
Actualidade
Xornada "Galicia, na senda de economía circular"
Artigo de Javier Domínguez no Día Internacional da Reciclaxe
Máis de 190.000 toneladas enviadas a reciclar desde 2008
Gañadores do "Recicla as túas ideas e convérteas en arte"
Compostaxe doméstica en Tui, Pazos de Borbén e Ponteareas
Visita do Ministro saharaui de Auga e Medio Ambiente
Bolsas de papel para os socios de APE Galicia
Recoñecemento á banda sonora do spot de Sogama
Multimedia
Eventos
Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es